

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

EXAME*

UNIDADE 2

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

 1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (2,34 puntos)

<p>1. As posibilidades de actuación do goberno de Luís XVI de Francia víanse limitadas:</p> <input type="checkbox"/> pola excelente marcha da economía <input type="checkbox"/> polo elevado número de impostos ás clases privilexiadas <input type="checkbox"/> pola grave crise da Facenda Real no último cuarto do século XVIII	<p>2. A intervención de Francia na guerra de Independencia dos Estados Unidos provocou:</p> <input type="checkbox"/> a redución da débeda da Facenda Real francesa <input type="checkbox"/> unha grave crise da Facenda Real francesa <input type="checkbox"/> a renuncia á convocatoria dos Estados Xerais
<p>3. O momento no que foron convocados os Estados Xerais en Francia estivo caracterizado:</p> <input type="checkbox"/> polo inexistencia de crises de subsistencia <input type="checkbox"/> polo aumento dos prezos do trigo <input type="checkbox"/> pola redución do paro, da mendicidade e da delincuencia	<p>4. Os representantes dos estamentos que se ían reunir nos Estados Xerais de Francia podían facer públicas as peticións que levarían a esta reunión:</p> <input type="checkbox"/> nuns cadernos de queixas <input type="checkbox"/> nunha Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán <input type="checkbox"/> nunha Constitución aprobada por sufraxio universal masculino
<p>5. Os representantes dos estamentos que se reunían nos Estados Xerais de Francia deliveraban por separado e logo emitían:</p> <input type="checkbox"/> un voto por cada estamento <input type="checkbox"/> un voto en representación das clases privilexiadas e outro en representación do terceiro estado <input type="checkbox"/> un voto por cada un dos numerosos representantes políticos dos tres estamentos	<p>6. Os representantes do terceiro estado pediran nos seus cadernos de queixas que o sistema de votación nos Estados Xerais:</p> <input type="checkbox"/> fose por estamento <input type="checkbox"/> se realizase por cabeza <input type="checkbox"/> sempre favorable á nobreza e ao clero
<p>7. As masas populares rodearon a Asemblea durante a etapa da Convención xirondina deron paso pola forza á Convención xacobina na que destacou a figura de:</p> <input type="checkbox"/> María Antonieta de Austria <input type="checkbox"/> Maximilien de Robespierre <input type="checkbox"/> Luís Filipe de Orleans	<p>8. A escusa da ameaza militar no exterior e dos contrarrevolucionarios no interior foi utilizada polo goberno da Convención xacobina ou montañesa para:</p> <input type="checkbox"/> instaurar o réxime do Terror <input type="checkbox"/> prohibir as detencións e execucións en masa <input type="checkbox"/> implantar o sistema feudal
<p>9. A etapa do Directorio durante a Revolución francesa caracterizouse porque o control do poder estaba en mans dun Directorio de cinco membros que tiña:</p> <input type="checkbox"/> o poder lexislativo <input type="checkbox"/> o poder executivo <input type="checkbox"/> o dominio absoluto das institucións da monarquía	<p>10. Napoleón Bonaparte foi un mozo e ambicioso militar que dissolveu o Directorio pola forza mediante o golpe de Estado do 18 de Brumario e entregou o poder:</p> <input type="checkbox"/> á Convención xacobina <input type="checkbox"/> á dinastía dos Borbóns <input type="checkbox"/> a tres cónsules provisionais
<p>11. Napoleón tratou de frear a primacía de Gran Bretaña nos mares decretando contra este país:</p> <input type="checkbox"/> un bloqueo continental <input type="checkbox"/> a posibilidade de comerciar con toda Europa <input type="checkbox"/> unha alianza contra Francia	<p>12. As derrotas de Austria e Rusia e a conversión destes países en aliados de Francia, así como a invasión de Prusia, permitiron que Napoleón:</p> <input type="checkbox"/> renunciase a formar un imperio <input type="checkbox"/> completase o seu proxecto de crear un grande imperio <input type="checkbox"/> devolvese o poder a unha república xacobina
<p>13. A invasión de Rusia por parte do exército napoleónico en 1812 rematou:</p> <input type="checkbox"/> cun éxito rotundo <input type="checkbox"/> coa retirada das tropas francesas do territorio ruso <input type="checkbox"/> coa vitoria francesa no cru inverno ruso	<p>14. A guerra de Independencia provocada pola ocupación francesa do territorio español en 1808 produciu:</p> <input type="checkbox"/> a incorporación definitiva de España ao Imperio napoleónico <input type="checkbox"/> a instauración en España do Imperio dos cen días <input type="checkbox"/> un forte desgaste das tropas napoleónicas

<p>15. Os movementos nacionalistas que se desenvolveron ao longo do século XIX trataban de exaltar os sentimentos nacionais dos habitantes dos seus territorios:</p> <p><input type="checkbox"/> prestando escasa atención á exaltación da propia identidade</p> <p><input type="checkbox"/> buscando as raíces nacionais no pasado histórico evitando a loita contra os Estados opresores, ocupantes ou administradores</p>	<p>16. Os movementos nacionalistas que pretendían separarse dunha unidade política máis grande e formar o seu propio Estado eran:</p> <p><input type="checkbox"/> os nacionalismos disgregadores</p> <p><input type="checkbox"/> os nacionalismos unificadores</p> <p><input type="checkbox"/> os nacionalismos antipatrióticos</p>
<p>17. Entre os factores que impulsaron o movemento independentista das colonias españolas en América estivo:</p> <p><input type="checkbox"/> a gran confianza que tiñan os crioulos na metrópole</p> <p><input type="checkbox"/> a influencia da Revolución americana que deu lugar ao nacemento dos Estados Unidos</p> <p><input type="checkbox"/> o total desinterese do Reino Unido polo comercio con América</p>	<p>18. O baleiro legal creado en España e nas colonias españolas en América durante a Guerra de Independencia permitiu que se formaran en territorio americano:</p> <p><input type="checkbox"/> xuntas partidarias do dominio francés en España e nas colonias</p> <p><input type="checkbox"/> xuntas leais a Fernando VII dominadas polos crioulos</p> <p><input type="checkbox"/> Estados independentes de España desde ese momento ata a actualidade</p>
<p>19. O desenvolvemento da economía exportadora nos territorios independizados do dominio español en América provocou:</p> <p><input type="checkbox"/> a desaparición da agricultura de plantación</p> <p><input type="checkbox"/> o desmantelamento da propiedade comunal indíxena</p> <p><input type="checkbox"/> a redución do éxodo cara ás cidades</p>	<p>20. Moitos territorios dos que se independizaron do dominio español en América víronse obrigados a pedir empréstitos internacionais e a endebedarse debido:</p> <p><input type="checkbox"/> á fuga de capitais tras a independencia</p> <p><input type="checkbox"/> ao escaso poder da elite crioula</p> <p><input type="checkbox"/> á escaseza de alimentos e materias primas neses territorios</p>

2. Explica a seguinte cuestión: (2,34 puntos)

a) As orixes da independencia dos Estados Unidos.

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) CADERNOS DE QUEIXAS, XACOBINOS, CONGRESO DE VIENA, NACIONALISMO e ZOLLVEREIN (2,34 puntos)

4. Escolle un dos seguintes dous documentos (texto histórico ou mapa histórico) e coméntao seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

DOCUMENTO 1

Doc. 10 A Declaración de Dereitos de 1789.

1. Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos. [...]
2. O obxecto de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescritibles do home. Estes dereitos son a liberdade, a seguridade, a propiedade e a resistencia á opresión.
3. O principio de toda soberanía reside esencialmente na nación [...].
4. A liberdade consiste en poder facer todo o que non dane un terceiro [...]. Estes límites non poden ser determinados máis que pola lei. [...]
6. A lei é a expresión da vontade xeral. [...] A lei debe ser idéntica para todos [...].
7. Ningún home pode ser acusado, arrestado nin detido, se non é nos casos determinados pola lei [...].
9. Todo home ha de ser tido por inocente ata que sexa declarado culpable [...].
10. Ninguén debe ser molestado polas súas opinións, incluso relixiosas [...].
11. A libre comunicación dos pensamentos e das opinións é un dos máis preciosos dereitos do home.

Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán,
26 de agosto de 1789

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO


- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

DOCUMENTO 2

Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico



a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Tipo e carácter do mapa
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos aporta

c) COMENTARIO

- Exposición do tema e da información que nos aporta o mapa, **facendo sempre referencia ao contido do documento**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica da utilidade do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)